

arredor do teatro galego de posguerra e sobre todo, e máis especificamente, da obra de Vidal Bolaño.

A primeira parte do estudo achéganos á Mostra de Teatro en Galego e ó Concurso de Textos teatrais que a Asociación Cultural Abrente de Ribadavia convocou entre 1973 e 1980, como fenómeno aglutinante do rexurdimento do teatro galego de posguerra e, asimismo, foro de debate entre os partidarios dunha forma «tradicional» de facer teatro, vencellada a un populismo ruralizante [...] cos que avogaban por unha produción renovada, de corte máis vangardista (páx. 63); debate que, xunto á discusión compromiso – non compromiso político na literatura, deu lugar a un teatro galego moderno como a mellor maneira de reivindicar a madurez política e a independencia ideolóxica do país (páx. 63). Analízanse aquí os precedentes e trazos xerais que permiten falar de «grupo xeracional». Abrente, seguindo os elementos sinalados por Mannheim: *situación xeracional* (compromiso democrático e galeguista nos últimos momentos do franquismo), *conexión xeracional* (o proxecto común de renovación da estética e a construción dun teatro galego independente e maduro), e *unidades de xeración* (grupos concretos de reaccións homoxéneas e non necesariamente de idades aproximadas) (páx. 69).

O seguinte apartado céntrase na figura de Vidal Bolaño coma autor factorum (páx. 70 e ss.), é dicir, na mestura que nel se dá de literatura e espectáculo. Isto, por unha banda, debido á marxinação que sofre o teatro á hora de ser editado, o que obriga ó autor a pór en escena as súas propias producións (especialmente coa compañía Antroido, fundada por Bolaño en 1974, modelo de profesionalización do teatro galego); pola outra, á conciencia que ten do público coma parte inherente ó proceso artístico e (como sinala López Silva nas acoutacións tanto literarias coma detallistas no corpus do autor) da mutabilidade dun texto co que, en palabras do propio Bolaño, como autor, o máis que fago é describir qué feito teatral posible ensoño como director, eu, en ningún caso aqueles outros que poidan ser quen de ensoñar outros (páx. 79).

En canto á temática nas súas obras, é importante a reflexión sobre a morte e a súa relación coa liberdade humana (especialmente a partir de *Bailadela...*, 1980, e *Touporrourou da lúa e do sol*, 1982), que serve de ponte entre os seus primeiros textos, onde a morte se recolle como elemento do mundo tradicional – popular galego (páx. 91), e os posteriores que presentan mundos marxinais e a tensión fatalidade – soño.

A partir de *Agasallo de sombras* (1984), López Silva propón a seguinte división temática: *ciclo xacobeo* (obras relacionadas dalgunha forma con Santiago de Compostela), *ciclo do dirty realism* (elemento marxinal como centro do texto) e *ciclo da represión dictatorial* (onde encadraríamos esta obra) (páx. 93).

A última parte do estudo está adicada a *Mar revolto* e nela destácase a dimensión humana e social da obra,

así como a reflexión política sobre a revolución e o nacionalismo, aspectos ámbolos dous que a conectan coas outras obras do mesmo autor, *Doentes* (1997), e *Rastros* (1998), respectivamente. Tamén é considerada como exercicio de memoria histórica e instrumento da *asunción do portugués coma horizonte natural de cooperación política con Galicia* (páx. 113), tema que é berce do presente proxecto teatral e condición creativa que se lle pediu respectar ó autor á hora de materializalo texto. Quen non deixa de banda a presenza do soño e a utopía, así como a arela final de liberdade. O remate é un apartado de claves para a lectura da obra, dende o título (metáfora de liberdade e revolución) ata o simbolismo de espazo, tempo e personaxes.

Tralo estudio, o texto orixinal da obra. Dividido en 47 cadros breves, alterna os que presentan ós personaxes, illados ou por parellas, dando a súa testemuña nun tempo que se sitúa trala acción principal, cos que desenrolan a trama (case sempre nun camarote de terceira, ás veces noutras partes do barco). Alternancia que vai variando a súa regularidade a favor da representación dos feitos segundo cobran protagonismo estes sobre as testemuñas. O cambio dun tipo de cadro ó outro, ven dado polo cambio de iluminación do espazo escénico, aspecto importante na representación da obra se temos en conta que foi o propio autor quen se encargou da iluminación.

A última sección do libro é o texto da obra en portugués, versión de José Martins, director artístico do proxecto.

De novo, e como remate, quero destacar o excelente traballo de Inma López Silva no seu labor crítico e tamén no de achegamento do teatro dun autor xa canónico como é Roberto Vidal Bolaño ó lector, tanto o especializado coma o que non; éste último, quizáis alleo á súa obra. E, en calquera caso, a súa contribución á formación dun cada vez máis amplo número de espectadores de teatro galego, a través dunha obra suxerente e chea de matices.

HUGO RAMOS MATEO

VV.AA., *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*, Edición coordinada por Xavier Frías Conde, Carme Blanco Ramos y Ana Acuña Trabazo, Madrid: v t r editorial, 2000.

Para facer esta homenaxe a Inés Canosa, con motivo do vintecinco aniversario da apertura da galería Sargadelos en Madrid, na que ela estivo dende o comenzo, xuntáronse moitos dos nomes máis egregos da literatura e os estudos lingüísticos galegos. Unidos polo agradecemento á muller da eterna paciencia e os ollos de mar que axudan a afastar a saudade, aqueles que a coñecen e que, en máis dunha ocasión acharon na súa tenda

non só libros ou figuríñas de porcelana, senón tamén amizade, e mesmo, nas xornadas celebradas alí, emoción e cultura, quixeron deixar neste libro unha mostra da súa gratitude en contos, poemas, debuxos, artigos e ata obríñas de teatro.

O libro, titulado «Muller de doce sal», toma este verso de Carvalho Calero para caracterizar con esc *contraste brillante que atrae e convence* (páx. 7) á muller *silente e presente, porque sempre estivo e está connosco* (páx. 7) á que está dedicado.

Despois das «Palabras para Inés», nas que queda clara a intención do libro cunhas liñas cheas de agarimo e recoñecemento para a mesma, atopamos un feixe de vinte e sete intervencións nas que os distintos autores presentan o que pensan que máis lle pode gustar a Inés. Entre estas aportacións hai dezaseis poemas, catro contos, tres artigos sobre aspectos ou personaxes senlleiros da cultura galega, tres artigos sobre a figura de Inés Canosa, unha obríña de teatro e máis sete debuxos.

Entre os poemas atopamos os de Xesús Alonso Montero, que presenta «Un mollo de versos republicanos ó xeito popular», escritos o mesmo día en que coñeceu a Inés Canosa na casa de Buenos Aires de Luís Seoane o dezanove de Xullo de 1969. Os poemas están divididos en tres grupos: cántigas de catro versos ó xeito popular, triadas ó xeito popular e cántigas con versos do cancionero popular. Tamén poemas son as colaboracións de Covadonga D' Lom con «Poemas», Alexandre Finisterre con «Xacobeos», no que queda claro o espírito internacionalista que mostran moitos dos escritores galegos (*Estades no santiagoycierraespaña / e eu con o Abre España! —páx. 57—*), Susana González con «Trevonzos», Luis Miguel Luna con «Lorelei», José Manuel Outeiro con «O Pegureiro», Carlos Sousa con «Po de terras», Rudesindo Soutelo con «És ti a enviada do céu?», no que insire o verso *muller de doce sal e neve mole* (páx. 101), Sabino Torres Ferrer cos seus dous poemas «Soidade na casa» e «Solpot», e Rafael Yáñez Jato con «Camelia Branca». A parte destes poemas con moi diversos temas, no libro atopamos outros nos que os autores quixeron facer referencia a Inés Canosa. Así Vicente Araguas fala en «Ollos de Inés Canosa» da axuda que ésta lle dá nunha cidade como Madrid: «*Despois matino en ti / salvándome na calor práctica deste estío*» (páx. 19), e Xavier Frías Conde con «Para Inés», lémbrese do que significou coñecerla: «*Inés / é o nome / que soubemos cando a lúa de Madrid / unha noite ía saudosa*» (páx. 59). Tamén a fan obxecto dos seus poemas Carmen Novoa con «Inés Aveláña», Claudio Pato, aínda que non sexa máis que no título con «Para Inés», Manuel Pereira Valcárcel con «Dicir o teu nome», no que fai un acróstico co nome de Inés Canosa Santos ou Manuel Rivas con «Para Inés».

Nos contos que aparecen no libro, podemos ve-lo mesmo que nos poemas: temos tres contos de temas diversos e un no que a protagonista podería ser Inés

Canosa. O primeiro conto que aparece é o de Carmen Blanco Ramos, «Estado», no que unha muller fala do baldeira que quedou trala morte do seu compañeiro. Máis adiante atopamos o relato «A néboa», de L.C. Carballal, reelaboración libre dun conto de Lovecraft. Por último, «E a esperanza sobrevoou as nossas vidas», de Célia Garcia, no que a enfermidade volve entristecer unha bonita historia de amor. O conto que fai protagonista a Inés Canosa é «A mochila», de Xosé Galán, onde a encargada dunha *pequena librería galega* (páx. 64) en Madrid, ten un soño que a enche de inquedanza. ¿Qué pasaría se ela escribise un libro? O relato, a parte desta proposta para a libreira, contén eloxios para a mesma: «*A súa palabra preferida é eficacia, (...) Estaba preparada para todo*» (páx. 62).

Nunha aportación moi orixinal, José Escudero inclúe un conto escrito coa forma dunha pequena obríña de teatro na que domina o diálogo, mentres que a situación espacio-temporal vén dada por longas anotacións. O texto, «De cómo sucedieron los mouros encantados de Armadoiro» escribiuse arredor do ano 79, cando o autor coñeceu a galería Sargadelos na primeira asemblea da asociación da Irmandade Galega. Como é de esperar polo seu título, a obra fala destes seres mitolóxicos que habitan os monumentos prehistóricos ou outros lugares da paisaxe rural.

No referente ós artigos, é un deles, o de Ana Acuña, «Terras Raras», o que dá comezo ó libro. Este artigo, escrito para unha exposición pictórico-poética conxunta de C. Solla e F. Sutil, está dividido en tres apartados: A Creación, A revelación e O eterno retorno e o centro, nos que fala de distintos aspectos da citada exposición e da poesía e a pintura como os xeitos de entrar no centro e na realidade absoluta.

Tamén Borobó faise presente no libro cun artigo, «O mestre de Pura Vázquez», no que enlazando uns personaxes da cultura galega con outros da chegada á figura de Antonio Couceiro Frcijomil, asesor do rector da Universidade de Santiago en tempo franquista (Felipe Gil Casares), colaborador en *El Compostelano*, e máis tarde redactor de *La Noche*.

O terceiro dos artigos sobre cultura galega é o de Carmen Mejía, «Manuel Antonio e a súa correspondencia». Escrito para a súa exposición nun congreso celebrado en Rianxo e publicado aquí como homenaxe a Inés Canosa. O artigo constitúe unha visión do persoeiro Manuel Antonio desde a súa correspondencia con outros dos grandes personaxes da literatura galega como Risco ou Rafael Dieste.

Ademais destes, o libro inclúe outros artigos que falan de Inés Canosa e que nos deixan coñecerla un pouco mellor. O primeiro é o de Fermín Bouza Álvarez, «Inés Canosa», no que fala dela como «*a embaixadora de Galicia en Madrid*» e coma «*unha referencia intemporal da alma galaico-madrileña*» (páx. 29) a parte de volver mencionar a súa paciencia e constancia.

Isaac Díaz Pardo, no seu artigo «Inés Canosa», ofrécenos unha breve biografía da preciosa rapaciña nada en Sardiñeiro que coñeceu en Magdalena nunha visita da Asociación Fillos de Galegos de Buenos Aires. A rapaciña para a que fixo unha fotografía da vila e a cal, despois de pasar uns días na casa de Luis Seoane en Sardiñeiro decidiu volver á súa terra para sempre. Esta rapaciña, Inés Canosa, por suposto, estivo primeiro no Castro de Samodo, e axudou a Luis Seoane no museo Carlos Maside. Tamén estivo un tempo na organización do Seminario de Sargadelos e despois tres anos na primeira Galería de Sargadelos en Barcelona, antes de chegar ó que sería o seu destino nos vinte e cinco anos seguintes: a galería Sargadelos de Madrid, na que aínda continúa.

O último dos artigos dedicados á figura de Inés Canosa é o de José Antonio Durán, «O territorio da nostalgia». Nel, o escritor fala da súa amizade con Inés, que naceu hai tanto tempo que xa nin se lembra, pero tan limpa como o primeiro día. Aproveita tamén para lembrar outros amigos comúns como Patiño, Blanco Amor ou Seoane, e para defende-lo seu internacionalismo, «A Galicia atlántica e políglota coa que soño, aberta ó mundo...» (páx. 44), a pesar do cal «case non concibo este Madrid que compartimos (sen vernos a penas), sen a seguridade de que Inés está aí.» (páx. 45).

Completan o contido do libro sete debuxos, dos cales, cinco pertencen a Susana González, un a F. Sutil, e un aparece sen asinar.

Para rematar, os editores do libro homenaxe, inclúen unha táboa gratulatoria na que fan referencia a aqueles que non escribiron pero que tamén fixeron posible a edición do texto coa súa colaboración económica (César Arias, Xesús González Gómez, Neves González Pereiro, Manuel Lombao, Ana Monteserín Cancio, Juan M. Ribera e Fina Villar).

A longa listaxe de nomes que atopamos neste libro, sexa como autores, editores ou colaboradores é unha mostra máis do que din as «Palabras para Inés»: todos eles senten pola muller que espera no anaco de Galicia que é Sargadelos agarimo, e sobre todo, agradecemento.

BEGOÑA REGUEIRO SALGADO

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, OLIVIA, *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*, Editorial Galaxia, Vigo 2001.

Sobradamente coñecida para todos é a figura de Vicente Risco, pero só parcialmente, pois durante moito tempo a crítica contentouse co estudio do seu ensaio publicado en 1933 «Nós, os inadaptados», marxinando o resto da súa obra e boa parte da súa ideoloxía, privándonos do coñecemento dunha personalidade tan tremendamente atractiva coma contradictoria e

atormentada. El mesmo confesouse sufridor dun pesimismo ó ser consciente dos defectos da sociedade que viviu. Ó cabo un incomprendido, unha mente inqueda e insaciable que non o deixou acougar ata a súa senectude na que acadou un certo grao de paz e felicidade.

Sabedora do descoñecemento deste gran literato, político e por riba de todo pensador, como el mesmo se chamaba, a doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid e profesora na Universidade da Coruña Olivia Rodríguez González versou a súa tese doutoral sobre a obra narrativa de Vicente Risco, traballo que reconece foi a semente deste libro: «Este libro nace dunha tese de doutoramento sobre a obra narrativa de Vicente Risco, lida na Universidade Complutense de Madrid (...) Cumpria daquela facer un estudio introductorio sobre a figura humana e o traballo intelectual do ourensán, que moi cedo rebordou, por mor da excepcionalidade da persoa obxecto da tese, os límites axeitados a un tono preliminar á análise da súa obra literaria.» (p. 17).

Segundo a autora, os estudos realizados sobre Vicente Risco céntranse na súa faceta galeguista, concretamente no devandito ensaio de 1933, quedando moi restrinxido o coñecemento do seu pensamento: «A finalidade deste estudio é axudar a recompor os anacos esgazados dun intelectual en soidade (...) Pertencer a unha xeración tan importante non o librou da desmemoria. Aínda necesita ser lido, coñecido e estudiado, como intelectual de gran talla, como guía e creador de oposicións no discurrir cultural do noso país» (p. 23).

Así nace entón *Estética e teoría da cultura de Vicente Risco*, «libro que quere ser unha ollada ó percorrido intelectual de Vicente Risco» (p. 17). Un percorrido que a autora divide en tres grandes bloques que atenden ás diferentes etapas ideolóxicas do autor ourensán.

No primeiro capítulo, a autora trata «A mocidade de Vicente Risco (1909-1917)» achegándonos a un Risco mozo, inqueda e ás súas actividades primixenias: contactos cos agraristas e posterior relación cos redactores de *La Centuria* cos que fundará o grupo modernista «cenáculo ourensán», dentro do cal formábase un subgrupo que alumeará a revista *Nós*.

Olivia Rodríguez quere amosarnos no apartado «Ideas dos seus primeiros escritos» qué preocupacións ateigaban a mente do Risco aínda mozo. Fálásenos dun Risco marcado pola idea da decadencia de Occidente, que tirou de Nietzsche e que desenvolveu na súa obra *Las tinieblas de occidente*, onde revisa e xulga duramente os valores culturais do vello continente e defíneos coma as causas da depravación da sociedade, feito que o leva ó desprezo da época que vive e ó aborrecemento da sociedade na que se move. «Os propósitos expostos polo autor son indicar a orixe destes valores e demostrar que na realidade se trata de non –valores que causaron a corrupción física, psíquica e espiritual do home europeo» (p. 30).